

CULTURA

ESTUDO DE VIABILIDADE

Encargouse un informe sobre o mellor xeito de organizar a futura fundación, que pode estar listo en novembro

ASOCIACIÓNS DOS SECTORES DO LIBRO, O AUDIOVISUAL, A MÚSICA E O TEATRO ACORDAN CREAR UNHA FUNDACIÓN PARA A FEIRA

As industrias culturais acordan desvincular o Culturgal da Xunta

Colectivos de todos os eidos participarán na organización para darlle estabilidade, e contan con que a consellería se sume como unha máis

A. LOSADA

GALICIA

a.losada@xornaldeg Galicia.com

As asociacións profesionais dos distintos ámbitos da cultura galega acordaron iniciar os trámites para crear unha Fundación Culturgal, que se ocupe a partir deste ano de coordinar a Feira Galega das Industrias Culturais (Culturgal). O obxectivo é "que sexa a sociedade civil a que lidere a organización" do evento, para evitar que se volva repetir a situación deste ano, no que a Xunta de Galicia se desentendeu da feira pola falta de orzamentos, o que levou a cancelar a edición 2009.

"A nosa intención é darlle estabilidade á feira", comenta Fran Alonso, vicepresidente da Asociación Galega de Editores (AGE), que exerceu de anfitrión dunha reunión entre as distintas asociacións profesionais, celebrada o martes, pero da que se informou onte. "Queremos garantías de que se poida celebrar todos os anos, cun orzamento fixo e un programa verdadeiramente representativo da riqueza da cultura galega", conclúe Fran Alonso.

Nesta xuntanza, que tivo lugar na sede da AGE, dentro do Instituto Galego de Información (IGI), en Santiago de Compostela, participaron a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) por parte do sector do libro, a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi) e a Asociación de Técnicos do Audiovisual de Galicia (AGE), polo audiovisual, e Asociación Galega de Produtos Fonográficos (Agaphono) dende a música. E aínda que non asistiron, tamén apoiaron a decisión Escena Galega, do eido teatral, e as Empresas Galegas Adicadas a Internet (Eganet).

Todos eles participarán na Fundación Culturgal, unha institución "á que tamén se invitará a Xunta", segundo explica Fran Alonso, pero xa non como principal responsable.



Unha das actividades do Culturgal 2008, que se celebrou no Pazo de Congresos e Exposicións da Coruña

CULTURGAL

UNHA GRAN PEGADA EN TAN SÓ DOUS ANOS DE VIDA

A primeira edición do Culturgal –que daquela se escribía cun punto no medio– celebrouse en Pontevedra no 2007, por iniciativa da Asociación Galega de Editores (AGE) e coa colaboración da Xunta de Galicia e do Concello de Pontevedra. Fran Alonso reconece que era un tanto peculiar a situación de que unha feira que aglutinou a todas as industrias culturais do país estivese impulsada só dende o sector do libro, pero a acollida foi boa en todos os eidos e superáronse os 10.000 visitantes. "Para a

seguinte edición, atopámonos cun problema –explica Alonso–, xa que tiñamos que contar cunha partida de axudas públicas máis cativa que o ano anterior". Xa que logo, a AGE decidiu cederlle a organización do Culturgal –"que perden o punto porque así era como lle chamaba a maioría da xente"– á propia Xunta, aínda que a propiedade da marca segue en mans da AGE. A feria mudouse á Coruña, medrou en orzamento e en ambición e pechou con 37.000 visitantes e cun bo sabor de boca en Xeral.

Porén, ao non ser a propietaria titular do Culturgal, a Consellería de Cultura non destinou nos seus orzamentos de 2009 unha partida de gasto específica para organizala, agardando concretar unha vez máis a colaboración cos editores galegos, nunha negociación que ficou esquecida tras o cambio de goberno. Polo tanto, para evitar problemas semellantes no futuro, a AGE busca agora implicar as outras industrias culturais de Galicia para crear unha feira "organizada dende a sociedade civil".

como un punto de encontro intersectorial para aproveitar as sinerxias e abordar retos de futuro.

SEN TEMPO NIN CARTOS EN 2009

A Consellería de Cultura da Xunta anunciou o mes pasado que non se celebraría un Culturgal en 2009 porque o bipartito non o deixou nunha partida para el nos seus orzamentos, segundo explicou o conselleiro Roberto Varela, quen deixou a porta aberta a financiar unha hipotética edición 2010.

A concelleira de Cultura da Coruña, María Xosé Bravo, amosouse moi decepcionada coa decisión, xa que a anterior responsable na Xunta, Ánxela Bugallo, prometera que a cidade sería a sede permanente desta feira, e anunciou que seguía disposta a achegar un orzamento e o espazo reservado para a feira en decembro, no Paléxco. Dende Facebook se organizaron grupos para apoiar esta posibilidade, pero a Asociación Galega de Editores decidiu que nin o tempo nin os cartos eran xa abondo. ■

Búscase aquí unha entidade con independencia do goberno autonómico, para evitar que problemas políticos volvan paralizar a celebración da feira. Todos os participantes na reunión acordaron encargar un estudo no que se determine cal é a me-

llor maneira de organizar administrativamente esta futura fundación, "pero é fundamental que todos están unidos, porque a unión fai a forza", di o vicepresidente da AGE.

Segundo os seus cálculos, os resultados dese informe estarán listos

para novembro, momento no que as asociacións profesionais volveranse reunir para falar de datas e sedes para o Culturgal 2010.

Todos eles valoraron esta feira como un evento no que se visualizará o traballo dos diversos sectores, así